

TEMA 7. AS LINGUAS NA PENÍNSULA IBÉRICA



España é un Estado plurilingüe. Máis do 40% da poboación vive en territorios nos que o castelán convive con outra lingua oficial ou non oficial.

1. LEXISLACIÓN

A Constitución Española (1978), no artigo 3º, sinala o plurilingüismo do Estado e establece a cooficialidade do castelán coas outras linguas españolas. 3.1 O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala. 3.2 As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos. 3.3 A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural (...) obxecto de especial respecto e protección.

Estatuto de Autonomía: no ano 1981 apróbase o Estatuto de Autonomía de Galicia, que declara que o galego é a lingua propia de Galicia, oficial xunto co castelán. 5.1 A lingua propia de Galicia é o galego. 5.2 Os idiomas galego e castelán son oficiais e todos teñen o dereito de os coñecer e os usar. 5.3 Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

2. LUSOFONÍA

O portugués e o galego foron na súa orixe unha mesma lingua. Compartiron designios políticos e culturais na que se considera a etapa de maior esplendor e prestixio para a nosa lingua. Xa no século XII, a historia de Galicia e a de Portugal toman camiños distintos, que influirían na fortaleza e desenvolvemento social de ambas as linguas.

En Portugal existen dúas linguas: o portugués (lingua maioritaria) e o mirandés (falado en Miranda do Douro), que é unha variante do asturleonés.

Chámase lusofonía ao conxunto de 9 países cuxa lingua oficial é o portugués: Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinea- Bissau, Guinea Ecuatorial, Angola, Mozambique, Timor Oriental e São Tomé e Príncipe. As grandes similitudes entre galego e portugués facilitan a comunicación dos galegos con 250 millóns de cidadáns de Europa, África e Iberoamérica que fala.

3. AS LINGUAS NA PENÍNSULA IBÉRICA

- Linguas oficiais (idioma establecido como de uso corrente nos actos de goberno dun Estado).

As linguas propias son as que teñen a súa orixe histórica nas comunidades humanas que se asentaron e desenvolveron nun lugar determinado. Non todas as linguas propias son oficiais.

-O idioma oficial de Xibraltar é o inglés usado polas institucións, a televisión pública e o ensino. A lingua coloquial de moita xente é o llanito, mestura de español, inglés e outras linguas.

-Andorra é o único estado que ten como idioma oficial o catalán, tamén se fala moito o castelán e o francés.

-O idioma oficial de Portugal é o portugués, por número de falantes nativos é a sexta lingua máis falada do mundo. Para os lusistas é a mesma lingua que o galego, para os non lusistas é unha lingua irmá. É lingua oficial en Brasil e outros estados africanos. Desde 1999 tamén é oficial en Portugal o mirandés, usado por uns 15.000 falantes.

-A lingua oficial do Estado español é o castelán ou español, a cuarta lingua máis falada no mundo, oficial en moitos estados americanos. É a lingua oficial única en moitas comunidades autónomas e cooficial noutras.

- Linguas cooficiais (nun mesmo territorio conviven dúas linguas e as dúas son oficiais).

Linguas cooficiais	Linguas non cooficiais
Galego en Galicia	Galego en Asturias, León e Zamora e Val do Ellas (Estremadura)
Éuscaro no País Vasco e en Navarra	Astur-leonés en Asturias, León e Zamora
Catalán en Cataluña, Valencia e Illas Balears	Aragonés en Aragón
Aranés no Vall d'Aran	Catalán en Aragón e Murcia

Todas as comunidades que recoñecen a cooficialidade das súas linguas propias aprobaron respectivas leis de normalización lingüística, co fin de promover e regular o seu coñecemento e o seu uso, compensando así a situación de inferioridade en que se atopan con respecto á lingua estatal.

O catalán

É falado en Cataluña por uns catro millóns de falantes e tamén en Andorra e unhas zonas de Francia e Italia. É a lingua oficial duns dez millóns de persoas en Cataluña, Illas Baleares e, segundo algúns, na Comunidade de Valencia. Posúe unha rica tradición literaria dende a Idade Media. É unha lingua que goza de prestixio social e cultural. No seu sistema educativo o catalán é a lingua de todas as materias agás lingua e literatura castelá. Este tipo de programas educativos reciben o nome de inmersión lingüística.

O éuscaro ou vasco

Fálano unhas seiscentas mil persoas en Euskadi, norte de Navarra e no País Vasco francés. É unha lingua de orixe descoñecida que xa existía cando chegaron os romanos á Península Ibérica. O non ser unha lingua románica, dificulta a súa comprensión e por iso as súas políticas lingüísticas se centran en que os habitantes do País Vasco sexan capaces de entender e falar a lingua propia.

O astur-leonés

Goza de recoñecemento oficial en Miranda do Douro (Portugal). No Estado español úsase en Asturias, aquí non ten recoñecemento oficial e só se pode estudar como materia optativa. Tamén se fala no norte e noroeste de León e un lugar de Zamora.

O aragonés

Non ten recoñecemento oficial e está en regresión e perigo de extinción, pois só sobrevive como lingua familiar e coloquial na metade norte da provincia de Huesca.

O aranés

Nome que recibe a lingua occitana falada non Val d'Arán (Pirineos) en Lleida. É lingua cooficial non só aquí senón en toda Cataluña, xunto co catalán e castelán. Ten presenza no ensino pero non nos medios de comunicación.

O galego

É a lingua oficial en Galicia. Fálase tamén no occidente de Asturias, no Bierzo, e en Seabra.

O valenciano

É lingua oficial na Comunidade Valenciana. Existe unha controversia entre os que consideran o valenciano como unha variedade do catalán e os que o consideran unha lingua diferente.

Non teñen consideración como oficiais o asturiano ou bable, o aragonés e a fala de Estremadura ou galego do Val do Ellas.

LINGUA	TERRITORIO	ESTATUS LEGAL
Amazige	Cidade Autónoma de Melilla	Non oficial
Árabe de Ceuta	Cidade Autónoma de Ceuta	Non oficial
Aragonés	Aragón	Non oficial
Aranés	Cataluña	Oficial
Asturiano	Asturias	Non oficial
Caló	Lingua non territorial	Non oficial
Catalán	Aragón	Non oficial
	Illas Baleares	Oficial
	Cataluña	Oficial
	Valencia (valenciano)	Oficial
	Murcia (valenciano)	Non oficial
Vasco	País Vasco	Oficial
	Navarra	Oficial en parte do territorio
Galego	Asturias	Non oficial
	Castela e León	Non oficial
	Galicia	Oficial
	Estremadura (fala)	Non oficial
Leonés	Castela e León	Non oficial
Portugués	Estremadura	Non oficial

EXERCICIOS

1. Completa o cadro axudándote da información que se che achega:

Linguas minorizadas da península					
	Comunidades e/ou estados	Falantes	Status legal	% lingua habitual	Presenza social e evolución
Galego	3 comun. (+ 1: Valego)	2,5 millóns	Oficial en Galicia	52% (31% monoling.)	Consolidase a presenza social Redúcese a transmisión
Asturleonés - mirandés	3 comun. 2 estados	250000	Recoñecida en Asturias. Oficial en Portugal	25% en Asturias	Demanda de cooficialidade e dinamismo cultural / Forte diglosia
Éuscaro	3 comun. 2 estados	770000	Oficial no País Vasco e Navarra	46% (31% monoling.)	Avanza na presenza social e recupera falantes
Aragonés	1 comun.	12000	Recoñecida	(Ronda o 5% en Huesca)	Conta con certa defensa cultural En grave perigo de extinción
Aranés (gascón, occitano)	1 comun. 2 estados (Gascón)	5000 (+800.000)	Oficial en Cataluña	25% (18% monoling.)	Sofre un marcado retroceso
Catalán	5 comun. 4 estados	10 millóns	Oficial en tres comunidades e en Andorra	47% (32% monoling.)	Decidido avance da normalización Integración da inmigración en catalán Lixeiro declive nas porcentaxes

Presenza das linguas territoriais minorizadas **no sistema educativo** (secundaria)

Galego	Galicia	Língua vehicular en modelo “plurilingüe”: do 33% ao 50% ; prohibida en Matemát., Tecnol. e Física e Quím.
	O Bierzo e Sanabria	Materia optativa ou extraescolar en 4º ESO e Bacharelato. Opcionalmente, lingua vehicular de Xeografía e Hª.
Astur-leonés	Asturias	Materia optativa (obrigatoria en Primaria).
	Miranda do Douro	Materia optativa .
Éuscaro	Euskadi e Navarra	Modelo co éuscaro como materia / modelo con predominio do éuscaro / modelo de inmersión [maioritario].
Aragonés	Aragón	Proxectos lingüísticos voluntarios en determinados centros, con ata 3 períodos lectivos semanais.
Aranés	Val de Arán	Língua vehicular en modelo de inmersión , con presenza do aranés, catalán e castelán.
Catalán	Cataluña	Língua vehicular en modelo de inmersión , “garantindo o dominio oral e escrito do catalán e do castelán”.
	Illas Balears	Língua vehicular en modelo tendente á inmersión (presenza mínima do catalán: 50%).
	Valencia	Língua vehicular en modelo “plurilingüe” (presenza do catalán valenciano do 25% ao 65%).
	Franxa de Aragón	Proxectos lingüísticos voluntarios con ata 3 períodos lectivos semanais.

➡ Tendo en conta que a oficialidade do mirandés é limitada, **ningunha lingua oficial é tan maltratada no ensino como o galego**.

SITUACIÓN DAS LINGUAS FALADAS NO ESTADO ESPAÑOL

	CATALÁN	EUSKERA	ASTUR- LEONÉS	ARAGONÉS	ARANÉS	GALEGO
Nº DE FALANTES						
ONDE SE FALA?						
ENSINO (SI/NON)						
LITERATURA (SI/NON)						
NORMAS (SI/NON)						
OFICIAL/ PROTEXIDA						
SITUACIÓN (en ascenso ou en descenso)						

2. Comenta o seguinte texto referíndote á situación sociolingüística e territorial das linguas citadas. Utiliza os conceptos de lingua oficial, lingua cooficial, variedade estándar e lusofonía.

Eramos a panda de sempre, inseparables desde que estudáramos no Eusebio da Guarda. Todas fixéramos a mesma carreira, pois éramos unhas apaixonadas dos idiomas, pero co paso do tempo fomos perdendo a relación. Por iso, para celebrar os dez anos de licenciarnos en Tradución e Interpretación, organizamos unha xuntanza para poñernos ao tanto dos camiños que tomaran as nosas vidas e lembrarmos os vellos tempos.

Gloria, tan libre e independente coma sempre, vive en Lisboa como tradutora *free-lance*, pois domina ben o portugués, así como outras linguas europeas; Alicia e Ana traballan no Congreso en Madrid, como tradutoras de catalán, galego e vasco, e comparten piso, pois desde sempre se levaron moi ben e así tamén aforran. Luz tomara un camiño distinto e instalárase en Asturias, nun *pueblín*, como ela di, onde cría ovellas e cabras, á vez que fai traducións por encargo para unha editorial, traballando desde a casa. Vive alí coa súa parella e os seus nenos mellizos, aos que lles falan en astur-leonés, pois son firmes activistas da *Xunta pola defensa de la Llingua asturiana*. Carme vive en Barcelona, pois fixo un máster en relacións internacionais e traballa como tradutora xurada na Generalitat de Catalunya, polo momento. Sonia preferiu dedicarse á docencia, sacou as oposicións de secundaria e dá clases no Val de Arán, onde está aprendendo aranés e comeza a interesarse no aragonés. Con todo, o seu soño sería volver a Galiza e poder ensinar galego no Eusebio.

(Texto de Dulce Fdz. Graña, 2024)